

Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don _____, como representante legal da empresa Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra parte, don _____, como representante legal da empresa Maxideza, S.L., en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra parte, don _____, administrador da empresa Hermanos Toimil García, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra parte, don _____, como representante legal da empresa Aira, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra parte, don _____, da empresa Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., como representante legal desta, en virtude das atribucións concedidas por escritura pública ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, a empresa e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a empresa colaboradora.

6º. Que as empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual,

nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación e a aprendizaxe, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxidez, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas e no IES Manuel Chamoso Lamas.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Os proxectos de formación profesional dual deste convenio, que son de carácter experimental, teñen as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no Decreto 201/2013, de 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Electromecánica de Maquinaria.
- b. Terá como duración desde setembro de 2019 ata xuño de 2020.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo correspondente e a obtención do título de técnico en Electromecánica de Maquinaria.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, dedicarase ata un 5 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida no currículo do ciclo formativo correspondente, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de técnico en Electromecánica de Maquinaria (distribución da formación curricular do

ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. as empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., comprométense a acoller nas súas instalacións como mínimo, o número alumnos e alumnas, que se establece no anexo, para este proxecto experimental de formación profesional dual. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., colaborarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que as empresas se comprometen a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. As empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L. comprométense a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 450 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente nas empresas. Tomando como referencia este

importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.

- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá formación no centro educativo segundo a temporización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresas axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo nas empresas, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral das empresas, reservándose unha mañá ou unha tarde cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado nas empresas.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L., Maxideza, S.L., Hermanos Toimil García, S.L., Aira, sociedade cooperativa galega e Tecnor Lalín Maquinaria, S.L., nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou unha profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsables da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Así mesmo, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do IES Manuel Chamoso Lamas.
- O profesor titor ou a profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional actuará como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase pola finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar ás outras cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e as empresas.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da persoa interesada á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de

conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido este convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**A conselleira de Educación, Universidade
e Formación Profesional**

**O representante da empresa Maquinaria
para excavaciones de Galicia, S.L.**

Asdo.: Carmen Pomar Tojo

Asdo.: _____

**O representante da empresa Maxideza,
S.L.**

**O representantes da empresa Hermanos
Toimil García, S.L.**

Asdo.: _____

Asdo.: _____

**O representante da empresa Aira,
sociedade cooperativa galega**

**O/A representante da empresa Tecnor
Lalín Maquinaria, S.L.**

Asdo.: _____

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por centro educativo

Empresa	Nº de prazas
Maquinaria para excavaciones de Galicia, S.L.	2
Maxideza, S.L.	1
Hermanos Toimil García, S.L.	2
Aira, sociedade cooperativa galega	2
Tecnor Lalín Maquinaria, S.L.	2
Total	9

1.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto			Curso 2019-2020	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo	289 h	-
	Empresa	Formación na empresa	425 h	410 h
Total			2.000 h	

FCT: formación en centros de traballo.

1.3 Temporalización dos módulos profesionais

1.3.1 Curso 2019-2020

1.3.1.1 Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo				Actividade profesionalizadora / formación na empresa								

1.3.1.2 Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0714	Sistemas de suspensión e guía	267	89	178
MP0715	Sistemas de forza e detención	157	78	79
MP0716	Sistemas de accionamento de equipamentos e apeiros	157	78	79
MP0717	Equipamentos e apeiros	133	44	89
TOTAL		714	289	425

1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

■ Mantemento de sistemas de rodaxe e transmisión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil, e dos seus equipamentos e apeiros, TMV265_2 (Real decreto 815/2007, do 22 de xuño), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0849_2: manter os sistemas de dirección e suspensión de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil.
– UC0850_2: manter os sistemas de transmisión e freos de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil.
– UC0851_2: montar e manter os sistemas de accionamento de equipamentos e apeiros de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil.
– UC0852_2: montar e manter equipamentos e apeiros de maquinaria agrícola, de industrias extractivas e de edificación e obra civil.